

## TORTILLAS DAS BRUXAS, UN REXISTRO ETNOMIXOLÓXICO

por

O. REQUEJO<sup>1</sup> & N.F. ANDRÉS-RODRÍGUEZ<sup>2</sup>

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2018. Tortillas das bruxas, un rexistro etnomixolóxico. *Mykes* 21: 89-93.

**RESUMO:**

Relátase unha lenda sobre Mixomicetos recollida no sur de Galicia.

**Palabras clave:** *Myxomycetes*, *Fuligo*, etnoloxía, Galicia.

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2018. The witches' tortillas, an ethnomyxologic record. *Mykes* 21: 89-93.

**SUMMARY:**

A legend about *Myxomycetes* collected in the south of Galicia is mentioned.

**Keywords:** *Myxomycetes*, *Fuligo*, ethnology, Galicia.

A maioría dos esporóforos dos mixomicetos son de moi reducido tamaño, uns poucos milímetros, ou centímetros, aínda que as veces, algúns deles, crecen en grandes grupos, o que os fai visibles a simple vista na natureza. Un bo exemplo é o *Leocarpus fragilis*, que se pode atopar en colonias de moitos miles de exemplares, o que os fai doados de recoñecer ao atopalos no campo. Tan só uns poucos acadan dimensións

---

<sup>1</sup>San Xurxo, A Laxe 12b, Salceda de Caselas. E-36470, Pontevedra; e-mail: [oscarequejo@hotmail.com](mailto:oscarequejo@hotmail.com)

<sup>2</sup>Cánovas del Castillo 1, Vigo. E-36202, Pontevedra; e-mail: [fandresr@galicia.com](mailto:fandresr@galicia.com)

Membros do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire



Fig.1. Plasmodio de *Fuligo septica*, forma nova.

considerables nalgunha das súas fases do desenvolvemento, dando lugar a estruturas que poden chamar a atención, non só dos naturalistas que os buscan, senón tamén da xente que vive no entorno onde se atopan. Poden ser exemplos coñecidos *Mucilago crustacea*, *Fuligo septica*, *Reticularia lycoperdon*, etc.

Poderíase esperar que estes mixomicetos, xa que non os de pequeno tamaño, ao ser doado velos no campo, e tratarse duns seres curiosos, de vivos cores e, no caso dos *Fuligo*, dotados de movemento, espertasen a curiosidade dos habitantes dos lugares nos que frutifican, e do mesmo xeito que no caso dos cogomelos, recibiran nomes populares e fosen obxecto de lendas e contos. Non é este o caso, e nos anos que levamos recorrendo o país e revisando moitos libros e traballos co gallo de mellorar o noso coñecemento destes interesantes seres, non aviamos atopado ningunha mención na terra galega a nomes comúns, tradicións, supersticións ou relatos populares referidos aos mixomicetos. Hasta unha recente visita ao sur de Galicia, na comarca do Baixo Miño, no concello de Tomiño na parroquia de San Salvador de Tebra, tivemos coñecemento da que

consideramos a primeira mostra da presenza dunha especie de mixomiceto na cultura popular, no eido do que, de xeito análogo ao termo “etnomicoloxía” (CASTRO, 2012, 2015), podemos denominar “etnomixoloxía”.

Como era de esperar, os depositarios deste valioso elemento da cultura popular son os maiores da zona, os que manteñen a memoria da terra e nos relataron esta curiosa lenda:

“Se che aparece a tortilla das bruxas na finca de casa, é porque che teñen envexa e che van seguir saíndo un ano tras outro. Para eliminalas ai que collelas sen tocalas, por exemplo cunha bolsa, e botarlle unha manada boa de sal gorda, logo tes que queimalas nun caneco ou nunha tella pronunciando unhas verbas. Despois hai que tirar as cinzas nunha encrucillada de tres ou catro camiños e pronunciar outra vez as verbas”.

As verbas ai que pronuncialas sempre un número impar de veces, unha, tres, cinco..., e din así: “Bruxas fora envidia (*sic*) fora”.



Fig.2. Etalio de *Fuligo septica*, forma madura 1.

*Fuligo septica* [Fig.1-3], que é a especie en cuestión, pertence á Clase *Myxomycetes*, Orde *Physarales*, Familia *Physaraceae* (POULAIN *et al.*, 2011). Na fase de plasmodio ten o aspecto dunha masa xelatinosa de entre 5 e 15 cm de largo, forma ovoide a esférica que ten mobilidade e pode desprazarse polo substrato, que é moi variado: tocos, restos vexetais, musgo, herba, etc., deixando un rastro branquecino do hipotalo. Os corpos frutíferos resultantes deste plasmodio (etalios), carecen de pé, e son tamén grandes, con forma redondeada, a cor é variable, desde branco ao crema ou amarelo intenso. No interior a masa esporal, gris escura a negra mesturada con placas calcarias.

En escritos do século IX en China, faise referencia ao “*Kwei hi*”, “*Excrementos do demo*”, de cor amarelo pálido que frutificaba en zonas umbrías (STEPHENSON & ROJAS, 2017). Posiblemente sexa a primeira recensión sobre un mixomiceto na literatura e posiblemente tamén se refira a especie que tratamos. Este nome despectivo parece habitual, xa que en Veracruz (México) os nativos o coñecen como *Caca de luna*, e paradoxalmente, é considerado comestible e consumido en tortilla (KELLER & BRAUN, 1999).



Fig.3. Etalio de *Fuligo septica*, forma madura 2.

Esperemos que as moitas fermosas tradicións da nosa rica cultura popular galega, podan ser descubertas e recollidas antes de que, pola forza do paso dos anos xa non quede ninguén que as conserve na memoria.

### **AGRADECEMENTOS**

Os autores desexan mostrar o seu agradecemento a Angelita e Ana Seves por compartir con nos este fragmento de cultura popular, e axudar a enriquecer o coñecemento etnolóxico destes interesantes seres.

### **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- CASTRO, M.L. 2012. Apontamentos históricos da Macromicoloxía galega. *Mykes*, 14: 43-77. [2011]
- CASTRO, M.L. 2015. Etnomicoloxía: un termo que nin sempre é ben utilizado. *Mykes*, 17: 73-80. [2014]
- KELLER, H.W., & BRAUN, K.L. 1999. *Myxomycetes of Ohio: their systematics, biology, and use in teaching*. Columbus, Ohio, Ohio Biological Survey, College of Biological Sciences, the Ohio State University.
- POULAIN, M., MEYER, M. & BOZONNET, J. 2011. *Les Myxomycètes*. Fédération Mycologique et Botanique Dauphiné-Savoie. Ed. Sévriér.
- STEPHENSON, S.L. & ROJAS, C. (Eds.) 2017. *Myxomycetes: Biology, Systematics, Biogeography and Ecology*. Academic Press.